

PLAN DE  
IGUALDADE  
CEIP SESTELO BAIÓN,  
BAIÓN, VILANOVA DE  
AROUSA

DATA DE  
APROBACIÓN:  
8/10/19



## 1. Introducción

A coeducación é un método de intervención educativo que parte do principio da igualdade entre sexos e a non discriminación por razón de sexo.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular, a de xénero.

No que se refire a este centro, a maior parte do alumnado ten interiorizado o papel que se supón que ten que asumir por cuestión de sexo.

Entre os obxectivos xerais que se pretenden acadar con este plan, estaría o que aparece recollido no plan de convivencia que non é outro que fomentar nos centros educativos os valores, actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar con respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Outro obxectivo importante é facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestación de violencia, especialmente do acoso escolar e da violencia de xénero.

Este plan, ademais, estruturarase nos seguintes 6 obxectivos principais que se sinalan a continuación:

- ✓ Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas do centro.
- ✓ Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecer que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, dende a liberdade e diversidade de opcións.
- ✓ Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolla a todo o alumnado na súa diversidade.
- ✓ Educar dende a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- ✓ Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que

sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

- ✓ Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistemática á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Obxectivos que se pretenden conseguir por medio dos contidos presentados a continuación:

- ✓ Emocións e sentimentos propias e dos demais.
- ✓ Verbalizar sentimentos, problemas, emocións e sensacións.
- ✓ Resolución de conflitos mediante o diálogo.
- ✓ A diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- ✓ A violencia de xénero

Para informar e sensibilizar a toda a comunidade educativa dos obxectivos mencionados con anterioridade, tomaranse diferentes medidas que se levarán a cabo ao longo do curso, como por exemplo, elaboración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero, realización de foros de debate nas aulas...

Así pois, para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo- sexual e identidade sexual, é aconsellable xerar actuacións que permitan o seu desenvolvemento integral no ámbito educativo que aparecen recollidas no protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, recollida na Lei 2/ 2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

No caso de producirse algunha conduta contraria á convivencia por razón de xénero activarase o protocolo que aparece recollido no Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Xa para finalizar este primeiro apartado, cabe destacar que no calendario escolar oficial aparecen varias datas sinaladas (25 de novembro e 8 de marzo) referentes ao presente tema que se traballarán por medio de diferentes actividades, como por exemplo, elaboración de murais, charlas , exposicións,...

## **2. Contextualización normativa e do centro**

A escola ten por finalidade educar en igualdade e por iso, algúns dos obxectivos recollidos nos diferentes documentos de centro fan referencia a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero.

- ✓ Promover a relación de igualdade entre homes e mulleres.
- ✓ Favorecer unha escola inclusiva.
- ✓ Promover a integración, aceptación social de todo o alumnado.
- ✓ Favorecer a detección, tratamento e seguimento da resolución pacífica de conflitos, así como o desenvolvemento de habilidades sociais e a comunicación asertiva.
- ✓ Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. ( Decreto 8/2015 )
- ✓ Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas. (Decreto 8/2015)

## **3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.**

Unha das principais preocupacións do centro é crear un clima de convivencia baseado no respecto e na igualdade de oportunidades entre nenas e nenos. As relacións entre os alumnos e alumnas son bastante boas, non atopándose casos graves de violencia escolar.

Non obstante, é preciso mencionar que existen actitudes por parte de nenas e nenos que non están encamiñadas a acadar a igualdade de sexos. O alumnado ten xa, dende moi pequeno, asimilado o papel que se supón que ten que desempeñar en función do sexo debido á presión exercida pola sociedade.

No que se refire ao profesorado é necesario destacar que dos 15 compoñentes que forman parte do claustro, 3 son homes. Sen embargo, en relación ao alumnado obsérvase un reparto máis equilibrado, contando con 52 nenas e 58 nenos.

Por outra banda, cabe salientar que todo o que fai referencia ao proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado é levado a cabo por parte das nais na maior parte dos casos, sendo moi poucos pais os que asisten ás reunións, titorías, obradorios...

Cabe falar tamén, das actividades extraescolares do centro, que non teñen todas a mesma participación de nenos e nenas en función da actividade. Esta relación de actividades é a seguinte:

- Informática: 12 nenas e 14 nenos
- Capoeira: 17 nenos e 8 nenas
- Xadrez: 4 nenos e 6 nenas
- Música en movemento: 7 nenas e 4 nenos
- Baile moderno: 15 nenas e ningún neno
- Kempo: 5 nenas e 12 nenos
- Inglés divertido: 15 nenas e 13 nenos
- Patinaxe en liña: 14 nenas e 1 neno
- Piscina: 12 nenos e 8 nenas

#### **4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:**

##### **Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

- ✓ Promover actividades de información e intervención para toda a comunidade educativa.
- ✓ Facer visible diferentes roles para encamiñar ao alumnado a unha orientación profesional libre de prexuízos.

##### **Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero**

- ✓ Impulsar actuacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e difusión das boas prácticas realizadas polo centro.
- ✓ Levar a cabo actividades de sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.
- ✓ Crear situacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa en igualdade entre homes e mulleres, para previr posibles situacións de violencia de

xénero.

- ✓ Realizar actividades encamiñadas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de sexo, raza, orixe ou condición persoal ou social.
- ✓ Formar un equipo de mediación que estará levado a cabo por parte do alumnado de sexto baixo a supervisión da orientadora.

#### **Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual**

- ✓ Promover diversas actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- ✓ Realizar charlas informativas, debates...
- ✓ Dispoñer dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual na biblioteca do colexio, que inclúa a temática sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e dignidade.

#### **Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia**

- ✓ Realizar actuacións de información e sensibilización sobre a diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- ✓ Realizar actuacións formativas dirixidas ao equipo directivo, ou orientador/a, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual.

### **5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

#### **Organización do centro**

- ✓ Realizar publicacións divulgativas co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- ✓ Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.
- ✓ Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- ✓ Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións

relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.

- ✓ Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.

### **Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes**

- ✓ Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- ✓ Facer un reparto igualitario do papel do home e da muller nos contidos que se van a traballar na aula.

### **Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo**

- ✓ Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- ✓ Realizar unha axeitada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco: recreos, entradas e saídas do centro,...
- ✓ Poñer en práctica talleres e actividades educativas baseados en roles de xénero.
- ✓ Crear un recuncho na biblioteca escolar para traballar o tema da muller e a súa presenza ao longo da historia.
- ✓ Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
- ✓ Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.
- ✓ Realización de traballos de indagación e reflexión sobre a igualdade na sociedade actual (análise de catálogos de xoguets, anuncios publicitarios...).

### **Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar**

- ✓ Desenvolvemento de actividades na aula que favorezan a adquisición de valores.
- ✓ Realización de obradoiros por parte das familias para traballar valores



relacionados coa tolerancia, respecto...

- ✓ Difundir boas prácticas a través da actividade deportiva.
- ✓ Celebración das diferentes conmemoracións a nivel de centro (25 de novembro, 8 de marzo, 30 de xaneiro... )

## 6. Seguimento e avaliación

| MEDIDAS  | INDICADORES  |
|--|--|
| Realizar publicacións divulgativas co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa. | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul>  |
| Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul>  |
| Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul>  |
| Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.            | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Creación: si/non</li> </ul>   |
| Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul>  |
| Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nº de materiais didácticos revisados por curso:</li> </ul>  |
| Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nº de accións:</li> <li>▪ Nº de alumnas participantes:</li> <li>▪ Nº de alumnos participantes:</li> </ul> |

|   |   |
|---|---|
| Realizar unha axeitada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco: recreos, entradas e saídas do centro,...                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizado: si/non</li> </ul>                             |
| Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Facer un reparto igualitario do papel do home e da muller nos contidos que se van a traballar na aula.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Poñer en práctica talleres e actividades educativas baseados en roles de xénero.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Crear un recuncho na biblioteca escolar para traballar o tema da muller e a súa presenza ao longo da historia.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Realización de traballos de indagación e reflexión sobre a igualdade na sociedade actual ( análise de catálogos de xoguetes, anuncios publicitarios...) | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Desenvolvemento de actividades na aula que favorezan a adquisición de valores.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Realización de obradoiros por parte das familias para traballar valores relacionados coa tolerancia, respecto...  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |
| Difundir boas prácticas a través da actividade deportiva.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaborada: si/non</li> <li>▪ Revisada: si/non</li> </ul> |